



Curso cuadrimestral presencial de INGLÉS de consolidación e práctica das destrezas comunicativas correspondentes aos niveis B1-B2.1 do MECRL

OBXECTIVO

Desenvolver a capacidade comunicativa e de comprensión oral a través de actividades enfocadas a mellorar a pronuncia, as estratexias de comunicación e mediación, o uso de estruturas e vocabulario, así como a fluidez, mediante o emprego de textos e contextos que reflicten o uso real do idioma día a día.

Duración: 40hs presenciais + 10 de traballo autónomo

Traballaremos con textos, audicións, vídeos e material de soporte que serán o punto de referencia para desenvolver o diálogo en clase.

Aspectos importantes a ter conta para mellorar as túas destrezas:

- Asistencia regular (80% mínimo).
- Participación regular e plena nas actividades propostas.
- Empregar o inglés en lugar da túa propia lingua na clase.
- Facer o traballo autónomo indicado para logo en clase poder comentalo coas persoas participantes no curso.

AVALIACIÓN

Este curso non certifica un nivel específico do MECRL aínda que os materiais de soporte e as destrezas que se practican están baseadas nos contidos e descritores dos niveis B1 e B2.1 do MCER.

Expresión oral: Sei como funcionar en case todas situacións que se me presenten cando viaxo onde se fala a lingua. Podo participar espontaneamente nunha conversa que trata temas de interese cotián persoal ou relevante para vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais). Sei como enlazar frases facilmente co fin de describir experiencias e feitos, meus soños, esperanzas e ambicións. Podo explicar e xustificar brevemente as miñas opinión e proxectos. Sei contar unha historia, a trama dun libro ou película, e podo describir a miñas reaccións.

Comprensión oral: Entendo as ideas principais cando o discurso é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns no traballo escola, no tempo de lecer, etc. Entendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisións que tratan temas de actualidade ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lento e claro.